

COMITÉ GALEGO DE XUÍCES

RESEÑA REUNIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

O pasado domingo 13 de xaneiro celebrouse a reunión da Xunta Directiva do Comité Galego de Xuíces en Ourense, a partir das 16:25 horas.

Entre outros, os temas tratados foron os seguintes:

- Toma de posesión da nova xunta directiva:
 - Unha vez rematado o proceso electoral e tras saír elixido o novo presidente da FGA, nomeou a D. Eloy Bretal Cancelas como Presidente do Comité Galego de Xuíces.
Nesta reunión toman posesión tódolos membros da xunta directiva. A composición pode consultarse na web da FGA.
- Novo procedemento de solicitude de xuíces de outras delegacións:
 - Se informa do novo procedemento para solicitar xuíces a outras delegacións para cubrir probas
- Aprobación do novo regulamento do Comité Galego de Xuíces:
 - Aprobouse o novo regulamento do Comité Galego de Xuíces, adaptado ós requirimentos dos estatutos da FGA.
 - Limitouse a 75 anos a idade máxima para poder tramitar a licenza de xuíz autonómico (sendo a mesma idade que ten o Comité Nacional no seu regulamento)
- Composición da Comisión de Réxime Interno do Comité Galego de Xuíces:
 - Aprobouse a composición da Comisión de Réxime Interno do CGX
- Placa Ramón Docal 2018:
 - Tras realizar as votacións, a placa Ramón Docal 2018 foi concedida á M^a Carmen Pérez Conde, xuíz nivel 3 de Ourense
- Campionato de España Master de Pista Cuberta:
 - Comentouse o procedemento para a elección dos xuíces que formarán parte do xurado do Campionato de España Master de Pista Cuberta.
- Uniformidade dos xuíces:
 - Vaise dotar de uniformidade a tódolos xuíces que aprobaron nos últimos exames así como aqueles que non tiñan a uniformidade completa.



**Federación
Galega de
Atletismo**



Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



**XUNTA
DE GALICIA**



**DEPORTE
GALEGO**

- Aqueles xuíces de outras comunidades que temporalmente actúan en Galicia poderán mercar o uniforme para actuar nas competicións
- Formación:
 - Solicitud dun curso de Dirección Técnica RFEA
 - Curso autonómico de saídas
 - Solicitud dun curso de Marcha Atlética RFEA